



Estrada de Dumbría, s/n  
Telf. 981 - 74 40 01 - Fax: 981 - 74 40 31  
15151 DUMBRÍA

CONCELLO  
DE  
DUMBRÍA  
(A Coruña)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE DUMBRÍA E O CONCELLO DE ZAS PARA COMPARTIR O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA CO FIN DE PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS, ANUALIDADE 2024 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

REÚNENSE:

Dunha parte: D. Raúl González Lado, con DNI 76.357.289-A, alcalde do Concello da Dumbría (CIF P1503400B) que actúa en nome desta entidade.

Doutra parte: D. Manuel Muíño Espasandín con DNI 32.755.547-M, alcalde do Concello de Zas (CIF P1509400F) que actúa en nome desta entidade.

Ambos actúan no nome e en representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración de Galicia.

As dúas partes recoñécense plena capacidade xurídica para formalizar o presente convenio, en virtude do cal

EXPOÑEN:

1. Que o actual escenario financeiro e a situación de crise económica para os concellos de Galicia precisa buscar solucións, tales como o asociacionismo municipal para solicitar subvencións mediante a xestión de servizos compartidos, que permitan prestarlle os servizos á ciudadanía en condicións de calidade.
2. Que ambas corporacións locais dentro do seu ámbito pretenden fomentar a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras tal como establece o artigo 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística dado que constitúen unha vía de dinamización lingüística prioritaria por formar parte da Administración que máis próxima e directamente lle transmite a acción pública á ciudadanía.
3. Que os concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades nos termos establecidos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a cal establece que o municipio, para xestionar os seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade.

4. Que prestar os servizos públicos, fomentar e promover as actividades esixe un elevado custo que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, co fin de poder prestarlle á veciñanza unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio para mellorar as relacións coa veciñanza.
5. Que a Deputación da Coruña ten convocadas as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2024 co fin de asinar un convenio de cooperación entre a Deputación e a agrupación de concellos pola anualidade de 2024.
6. Que o artigo 88 da LRXPAC dispón que as administracións públicas poderán realizar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule; tales actos poden ter a consideración de concluíntes dos procedementos administrativos ou inserirse nestes con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin.  
Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes que interveñen, o ámbito persoal, funcional e territorial e o prazo de vixencia, e deben publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estivesen destinadas.  
Os acordos que se subsciban non suporán alteración das competencias atribuídas aos órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ao funcionamento dos servizos públicos.
7. Que ambos os concellos deben cumplir os requisitos esixidos pola Deputación da Coruña nas Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2024 e asumir posteriormente os custos de mantemento co fin de continuar o servizo.
8. Que a achega económica así como os outros medios necesarios para realizar a actuación por cada un dos concellos asinantes, así como a posterior xestión resultan antieconómicas e moi gravosas, tanto para os intereses dos municipios afectados, como para a propia Deputación, pois terían que finanziarse tantas actuacións como municipios se asocian para acadar o mesmo fin, polo que resulta máis eficiente empregar un servizo común.
9. Que os concellos asinantes carecen de medios financeiros suficientes para executar a actuación e para unha maior eficacia administrativa e en aras dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver a actuación conjunta de normalización e dinamización lingüística polo que todas as partes asinantes deste documento estiman conveniente para os intereses públicos presentar un proxecto conjunto para o seu financiamento con cargo a convocatoria das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2024, que terá por obxecto a normalización e a dinamización da lingua galega.
10. Que os concellos asinantes formalizan o presente convenio para compartir o Servizo de Normalización Lingüística cuxo orzamento aproximado é de 32.050,72 € ao abeiro do anterior e cara a facilitar unha posible e real xestión deste servizo municipal que acade unha economía de escala e posibilite o posterior mantemento do servizo.

Por todo o anterior, e co obxecto de acadar o fin proposto, os concellos comparecientes acordan subscibir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

## CLÁUSULAS:

1. **Obxecto.** Os concellos asinantes acordan agruparse para compartir o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) que mantén o Concello da Dumbría desde febreiro de 2005 co fin de participar na convocatoria das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2024 da Deputación da Coruña e ao abeiro do establecido no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
2. **Obxectivos.** A prestación asociada do SNL baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración, e ten como finalidade acadar os obxectivos marcados para a Administración local no Plan xeral de normalización da lingua galega, que foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004.  
O obxectivo principal do servizo é incrementar o uso e o prestixio do galego en todos os ámbitos dos termos municipais, non só nos seos das propias administracións locais.
3. **Ámbito de aplicación.** O ámbito territorial da prestación asociada do SNL é a totalidade dos termos municipais da Dumbría e de Zas.
4. **Sede do servizo.** A sede do SNL vai estar no concello de Dumbría.
5. **Representación do servizo.** Os concellos colaboradores designan como representante legal a D. Raúl González Lado, alcalde do Concello de Dumbría, para os efectos oportunos en relación con este convenio tales como presentar a solicitude, xustificar a subvención, etc. Con tal fin, o outro municipio participante efectuará a favor do representante o pertinente acordo de delegación.
6. **Dirección do servizo.** A dirección política administrativa do SNL corresponderalle ao alcalde de Dumbría que asumirá a súa xefatura.
7. A dirección técnica corresponderalle D.<sup>a</sup> Paula Ayala Sambade, persoal laboral de categoría profesional licenciada e licenciada en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués).
8. **Xestión administrativa do servizo.** A xestión administrativa será desenvolvida polo Concello de Dumbría en todo o relacionado co persoal, coa contratación administrativa, coa xestión de axudas, coa xestión ordinaria, etc. sen que isto supoña menoscabo das competencias de cada concello. O persoal da dirección técnica dependerá exclusivamente en toda a relación laboral do Concello de Dumbría.
9. **Medios materiais e persoais do servizo.** Cada concello achegará os medios materiais e ofimáticos necesarios para o correcto funcionamiento do servizo.
10. **Financiamento do servizo.** Os concellos de Dumbría e de Zas obríganse a garantir un funcionamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo.  
O Concello de Dumbría recibirá o importe da achega da subvención. Deberá presentar a documentación para o pagamento e a xustificación prevista nas Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da Provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2024 da Deputación da Coruña) e asumirá o resto do gasto derivado do custo de persoal.  
Esta achega destinarase a subvencionar o custo de persoal da técnica do Servizo Paula Ayala Sambade que realiza as funcións propias dun SNL marcadas nas citadas bases.
11. **Organización do Servizo.** A técnica desempeñará o seu traballo principalmente no Concello de Dumbría e realizará tódalas labores de consulta e asesoramento lingüístico que o concello de Zas estime oportuno e empregando principalmente medios telemáticos. O Concello de Dumbría poñerá a tales efectos unha dirección de

correo electrónico a disposición do Concello de Zas, á que este último poderá remitir as consultas ó SNL que se plantexen.

**12. Vixencia.** O presente convenio terá un período de vixencia anual.

**13. Resolución.** Será motivo de rescisión deste convenio calquera das seguintes causas:

- A finalización do período de duración establecido no convenio ou en calquera das súas prórrogas.
- O mutuo acordo entre ambas as dúas partes.
- A non concesión da axuda para manter o servizo.

**14. Natureza administrativa.** Este convenio terá carácter administrativo e rexerase para os seus efectos polo dispuesto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

**15. Xurisdición.** As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir ao executar o presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio.

Dumbría, 13 de novembro de 2023

O alcalde de Dumbría

O alcalde de Zas